termos esenciais de

# administración electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

sedeelectrónica

galego-español-inglés
francés-catalán

termos esenciais de

# administración electrónica

**PROMOVE**

Secretaría Xeral da USC
Servizo de Normalización Lingüística da USC
Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC

**SUBVENCIONA**

Xerencia da USC

**COORDINACIÓN**

Pilar Martínez García (Xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC)
Xusto A. Rodríguez Río (Servizo de Normalización Lingüística da USC)

**AUTORÍA**

Xusto A. Rodríguez Río (Servizo de Normalización Lingüística da USC)

**EDITA**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC • www.usc.es/publicacions

**MAQUETA**

Imprenta Universitaria

Parte dos datos terminolóxicos que figuran neste traballo (equivalentes en español, inglés, francés e catalán, así como as definicións orixinais en catalán) proceden da *Terminologia oberta de la Administració electrònica* <http://www.termcat.cat/productes/toberta.htm>, cedida para esta edición polo Departament de Governació i Relacions Institucionals da Generalitat de Catalunya e polo TERMCAT.

administración electrónica

# termos esenciais de administración electrónica

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2014

Limiar 7

Árbore de campos 10

Abreviaturas empregadas 12

Glosario 15

Índice de denominacións españolas 51

Índice de denominacións inglesas 56

Índice de denominacións francesas 61

Índice de denominacións catalás 65

Bibliografía 70

administración electrónica

# limiar

A administración electrónica supón unha oportunidade para as administracións públicas, nun contexto de desafíos económicos e sociais, para mellorar a súa eficiencia e a calidade dos seus servizos. Tal e como sinala a Comisión Europea, non se trata só do uso das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), senón dun cambio organizativo e de aptitude, que mellore os servizos públicos, os procesos democráticos e as políticas públicas.
Polo tanto, a administración electrónica é un concepto amplo, que nos obriga a reformular a maneira habitual de traballar, a reducir a burocracia simplificando os procedementos e, en definitiva, a centrarnos no usuario, buscando deste xeito, un cambio de mentalidade.

A Universidade de Santiago de Compostela atópase actualmente na fase de desenvolvemento da administración electrónica. Por iso, considera importante asentar desde este primeiro momento unha terminoloxía galega de referencia e difundila libremente para fomentar que outras administracións a incorporen canda os novos procedementos.
Para iso, elaboramos este glosario, que parte da *Terminologia oberta de la Administració electrònica* do TERMCAT (centro de terminoloxía da lingua catalá). Sobre a información dese traballo (definición e clasificación de 164 conceptos cos seus nomes en catalán, español, inglés e francés) o Servizo de Normalización Lingüística engadiu os equivalentes en galego, e reelaborou as definicións para esta lingua.
O resultado é o traballo que agora editamos, e co que queremos contribuír a que en galego se asente unha terminoloxía precisa e de calidade no ámbito da administración electrónica. E tamén a que esta lingua se converta no vehículo habitual de relación co cidadán nesta nova realidade administrativa.

* * *

Á hora de consultar a información, ten en conta que este traballo está dividido en dous grandes bloques:

a. os «termos esenciais», onde se recolle o corpus de entradas, numerado e ordenado alfabeticamente segundo o nome galego
b. os índices alfabéticos en cada lingua de traballo, desde os que se remite á entrada en que as distintas denominacións aparecen

O primeiro deles é a cerna deste traballo, e consta de dous tipos de entradas:

1. As «entradas completas»
   Nelas compílase e organízase toda a información recollida para cada un dos conceptos tratados neste *Termos esenciais*.
   Identifícanse cun número que facilita a citación e a remisión desde os índices, e encabézanse coa denominación galega e a súa categoría gramatical. Na seguinte liña indícase a área ou áreas temáticas a que pertence o concepto, e a continuación, outras formas de referirse a el en galego, quer sinónimos (marcados como **SIN.-**), ou simples variantes gráficas (marcadas como **VAR.-**).
   O seguinte bloque de información presenta as equivalencias en español (**es**), inglés (**en**), francés (**fr**) e catalán (**ca**). Se para un mesmo concepto se recollen varios sinónimos sepáranse con punto e coma e ordénanse alfabeticamente.

   A continuación inclúese unha definición breve que permite identificar o concepto e distinguilo doutros cos que poida estar relacionado.

2. As «entradas remisivas»
   Recollen unicamente sinónimos ou variantes dunha «entrada completa», e empréganse para redirixir a quen consulta cara a esta (a través da marca "Vid.-"), indicando así de forma indirecta que consideramos preferible esa denominación, en comparación coa que figura na «entrada remisiva».

Deste xeito, se buscas información sobre un concepto cuxo nome galego coñeces, debes buscalo dentro do corpus de entradas do glosario. Pola contra, se o dato de que parte a túa procura é a denominación en calquera das outras linguas, debes dirixirte ao índice correspondente e ver a que entrada se remite; a continuación, abondará con que a busques no corpus de entradas para que atopes os datos que precisas.

árbore de

campos

A Conceptos xerais

B Análise, mellora e simplificación de procesos

C Calidade e planificación estratéxica

D Infraestruturas tecnolóxicas

E Procedemento administrativo

F Seguridade

G Tramitación electrónica

administración electrónica

# abreviaturas empregadas

| | |
|---|---|
| a | adxectivo |
| s f | substantivo feminino |
| s m | substantivo masculino |
| pl | plural |
| s | substantivo con variación de xénero |
| sg | sigla |
| SIN. | forma sinónima |
| VAR. | variante |
| Vid. | véxase |

# glosario

1 **accesibilidade** (s f)
*Conceptos xerais*
es *accesibilidad*
en *accessibility*
fr *accessibilité*
ca *accessibilitat*

Calidade dun produto ou un servizo da administración electrónica que permite que calquera usuario acceda a el ou o utilice con independencia das súas limitacións sensoriais, motrices, cognitivas ou sociais, ou dos obstáculos tecnolóxicos derivados do contexto de uso.

2 **administración electrónica** (s f)
*Conceptos xerais*
es *administración electrónica; gobierno electrónico*
en *e-administration; e-government; electronic administration; electronic government*
fr *administration électronique; cyberadministration; cybergouvernement*
ca *administració electrònica*

Sistema de administración pública en que se utilizan as tecnoloxías da información e da comunicación para optimizar o deseño e a implementación de políticas e servizos públicos de maneira eficiente, e para establecer unha comunicación bidireccional cos administrados.

3 **administración pública** (s f)
*Conceptos xerais*
es *administración pública*
en *public administration*
fr *administration publique*
ca *administració pública*

Organización dotada de personalidade xurídica única baixo a dependencia dun goberno, que ten atribuídas as potestades e os medios necesarios para levar a cabo a xestión dos servizos públicos e a execución das leis nunha esfera política determinada, e cuxa actuación está sometida á lei e ao dereito e suxeita a control xurisdicional.

4 **algoritmo criptográfico** (s m)
*Seguridade*
SIN.- algoritmo de cifraxe (s m); algoritmo de encriptación (s m)
es *algoritmo criptográfico; algoritmo de cifrado; algoritmo de encriptación*
en *cryptographic algorithm; encipherment algorithm; encryption algorithm*
fr *algorithme de chiffrement; algorithme de cryptage*
ca *algorisme d'encriptació*

Algoritmo empregado para codificar información de forma que só poidan acceder a ela as persoas que coñecen a clave para descodificala.

**algoritmo de cifraxe**
Vid.- algoritmo criptográfico

**algoritmo de encriptación**
Vid.- algoritmo criptográfico

5 **analfabeto -ta dixital** (s)
*Conceptos xerais*
es *analfabeto digital*
en *computer illiterate; digital illiterate*
fr *analphabète de l'informatique*
ca *analfabet digital | analfabeta digital*

Persoa que descoñece as técnicas necesarias para empregar as novas tecnoloxías.

6 **análise DAFO** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
VAR.- DAFO (s m)
es *análisis DAFO; análisis FODA*
en *SWOT analysis; TOWS analysis*
fr *analyse AFOM; analyse FFPM*
ca *anàlisi DAFO*

Análise dunha organización que se fundamenta na identificación das súas debilidades e fortalezas, por unha parte; e, pola outra, das ameazas e as oportunidades que pode presentar o contorno, co obxectivo de axudar a escoller as estratexias e as tarefas adecuadas para acadar a misión.

7 **análise de proceso** (s f)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *análisis de proceso*
en *process analysis*
fr *analyse de processus*
ca *anàlisi de procés*

Conxunto de operacións baseadas na identificación da secuencia de tarefas, a estrutura das actividades e a documentación asociadas a un proceso, co obxectivo de valorar a súa xestión global e detectar as oportunidades de melloralo.

8 **análise funcional** (s f)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *análisis funcional*
en *functional analysis*
fr *analyse fonctionnelle*
ca *anàlisi funcional*

Análise das funcións principais dun trámite administrativo electrónico, co obxectivo de valorar a capacidade que presenta na satisfacción das necesidades dos usuarios.

9 **analóxico -ca** (a)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
es *analógico*
en *analog*
fr *analogique*
ca *analògic -a*

Dito dun sistema de transmisión ou de procesamento, que representa, almacena e transmite información de calquera natureza en variables continuas e proporcionais ás reais.



administración electrónica

10 **aseguramento de datos** (s m)
*Seguridade*
es *protección de datos; securización de datos*
en *data securement; data securisation*
fr *sécurisationn des données*
*ca protecció de dades*

Conxunto de métodos e técnicas encamiñadas a mellorar a seguridade dos datos transmitidos, co fin de evitar que se perdan ou deterioren accidental ou incondicionalmente, ou que persoas non autorizadas poidan acceder a eles ou manipulalos.

11 **auditoría** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *auditoría*
en *audit*
fr *audit*
ca *auditoria*

Exame da xestión que comprende unha análise sistemática, documentada, periódica e obxectiva do funcionamento dunha organización no seu conxunto ou dalgunha das unidades que a integran, para determinar en que medida se cumpren uns criterios establecidos.

12 **autenticación** (s f)
*Seguridade*
es *autenticación*
en *authentication*
fr *authentification*
ca *autenticació*

Comprobación da autenticidade de datos transmitidos durante unha transacción electrónica.

13 **autenticidade** (s f)
*Seguridade*
es *autenticidad*
en *authenticity*
fr *authenticité*
ca *autenticitat*

Calidade de datos cuxa procedencia e integridade están probadas.

**autoridade certificadora**
Vid.- autoridade de certificación

14 **autoridade de certificación** (s f)
*Seguridade*
VAR.- autoridade certificadora (s f)
es *autoridad de certificación*
en *certification authority*
fr *autorité de certification*
ca *autoritat de certificació*

Autoridade dun sistema informático ou dunha rede de computadores que emite e xestiona credenciais de seguridade e claves públicas para a cifraxe e para a sinatura electrónica de mensaxes ou de ficheiros.

15 **avaliación** (s f)

*Calidade e planificación estratéxica*

es *evaluación*
en *appraisal; evaluation*
fr *évaluation*
ca *avaluació*

Exame dirixido a comprobar se as accións levadas a cabo produciron os efectos agardados, e a tomar decisións para a mellora dun proceso, un programa ou unha organización.

16 **avaliación comparativa** (s f)

*Calidade e planificación estratéxica*

es *benchmarking*
en *benchmarking*
fr *benchmarking*
ca *benchmarking [en]*

Comparación dos produtos, os servizos ou os procesos dunha empresa cos do líder do mercado para analizar as súas diferenzas e definir os plans necesarios para aproximarse a eles.

**BPM** Vid.- xestión de procesos de negocio

**BPR** Vid.- reenxeñaría de procesos

17 **cadea de certificados** (s f)

*Seguridade*

es *cadena de certificados*
en *certificate chain*
fr *chaîne de certificats*
ca *cadena de certificats*

Conxunto de certificados dixitais emitidos xeralmente por diferentes prestadores de servizos de certificación e relacionados cun modelo fiable determinado, que son necesarios para asociar unha clave pública a un subscritor.

18 **cadro de mando integral** (s m)

*Calidade e planificación estratéxica*

SIN.- CMI (s m)

es *CMI; cuadro de mando integral*
en *balance scorecard; balanced scoreboard; BSC*
fr *tableau de bord équilibré; tableau de bord prospectif*
ca *QCI; quadre de comandament integral*

Ferramenta de xestión empresarial dirixida ao cumprimento dos obxectivos asociados á planificación estratéxica dunha organización por medio do control dos factores clave en que se sustentan, a partir de indicadores de tipo cuantitativo e cualitativo, sobre todo para facilitar a toma de decisións.

19 **calidade** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *calidad*
en *quality*
fr *qualité*
ca *qualitat*

Grao en que un produto ou un servizo cumpre as esixencias dos usuarios.

20 **carga administrativa** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *carga administrativa*
en *administrative burden*
fr *charge administrative; fardeau administratif*
ca *càrrega administrativa*

Custo administrativo que unha organización ten que asumir só para darlle cumprimento a unha obriga de información e que implica unha tarefa administrativa que non tería que levar a cabo se non existise a norma que a prevé.

21 **carta de servizos** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *carta de servicios*
en *customer service charter*
fr *charte de service à la clientèle*
ca *carta de serveis*

Documento en que un órgano administrativo, un organismo ou unha entidade dunha Administración pública informa sobre os servizos que ofrece, os compromisos de calidade na prestación e na relación cos usuarios e os mecanismos que estes teñen para remitirlle as súas suxestións ou queixas.

22 **catálogo de datos e documentos electrónicos** (s m)
*Tramitación electrónica*
es *catálogo de datos y documentos electrónicos*
ca *catàleg de dades i documents electrònics*

Relación actualizada de datos e documento electrónicos relativos a cidadáns e organizacións, que están en poder da Administración pública e que os empregados públicos poden obter por medios electrónicos para evitar ter que pedirllos aos cidadáns e organizacións.

23 **certificación** (s f)
*Seguridade*
es *certificación*
en *certification*
fr *certification*
ca *certificació*

Procedemento polo que unha entidade pública ou privada acredita por medio dun certificado que os contidos dun sitio web ou os servizos que ofrece un prestador de servizos de certificación cumpren uns requisitos específicos.

24 **certificado** (s m)
*Seguridade*
es *certificado*
en *certificate*
fr *certificat*
ca *certificat*

Documento emitido por un funcionario competente ou por outra persoa autorizada legalmente que dá fe dun feito, do contido dun documento ou das circunstancias que constan sobre todo en arquivos ou rexistros.

25 **certificado dixital** (s m)
*Seguridade*
SIN.- certificado electrónico (s m)
es *certificado digital; certificado electrónico*
en *e-certificate; electronic certificate*
fr *certificat électronique; certificat numérique; digital certificate*
ca *certificat digital; certificat electrònic*

Certificado asinado electronicamente por unha autoridade de certificación, que confirma a identidade do titular dunha sinatura electrónica ou a autenticidade dos datos transmitidos por medio dunha rede de telecomunicacións, xeralmente referidos ás claves públicas utilizadas por un usuario nunha transacción electrónica.

**certificado electrónico**
Vid.- certificado dixital

26 **cesión de datos** (s f)
*Seguridade*
SIN.- comunicación de datos (s f)
es *cesión de datos; comunicación de datos*
en *communication of data; disclosure of data*
fr *cession des données; communication de données*
ca *cessió de dades; comunicació de dades*

Transmisión que unha persoa ou unha organización fai de datos de carácter persoal a unha persoa física ou xurídica diferente da afectada.

**chave privada** Vid.- clave privada

**chave pública** Vid.- clave pública

**ciclo de Deming** Vid.- ciclo de mellora continua

27 **ciclo de mellora continua** (s m)
*Calidade e planificación estratéxica*
SIN.- ciclo de Deming (s m); ciclo PDCA (s m)
es *ciclo de Deming; ciclo de mejora continua; círculo PDCA*
en *Deming cycle; Deming wheel; PDCA cycle; Shewhart cycle*
fr *cycle de Deming; cycle de Shewhart; cycle PDCA; roue de Deming*
ca *cicle de Deming; cicle de millora contínua; cicle PDCA*
Procedemento sistematizado recorrente de resolución de problemas en catro pasos, que unha organización emprega para asegurar a mellora continua.

**ciclo PDCA** Vid.- ciclo de mellora continua

28 **cifraxe** (s f)
*Seguridade*
SIN.- encriptación (s f)

es *ciframiento; encriptación*
en *encipherment; encryption*
fr *chiffrement; cryptage*
ca *encriptació; xifratge*
Codificación dunha mensaxe para facela cifrada ou secreta.

29 **clave privada** (s f)
*Seguridade*
VAR.- chave privada (s f)
es *clave privada*
en *private key*
fr *clé privée*
ca *clau privada*
Clave recoñecida unicamente polo seu titular, que a utiliza para asinar as mensaxes que envía e para descifrar as que recibe cando foron cifradas cunha clave pública.

30 **clave pública** (s f)
*Seguridade*
VAR.- chave pública (s f)
es *clave pública*
en *public key*
fr *clé publique*
ca *clau pública*
Clave que se distribúe libremente para que a coñezan os membros dunha rede de telecomunicacións, que lles permite enviar mensaxes cifradas ao propietario da clave ou autenticar a chegada de mensaxes que este emite.

**CMI** Vid.- cadro de mando integral

31 **código seguro de verificación** (s m)
*Seguridade*
SIN.- CSV (s m)
es *código seguro de verificación; CSV*
en *secure verification code; SVC*
ca *codi segur de verificació; CSV*

Código formado por unha combinación de letras e cifras que identifica de maneira unívoca un documento electrónico dentro da Administración pública, e permite comprobar e demostrar a autenticidade e a integridade das copias impresas do documento electrónico.

32 **competencia** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *competencia*
en *competence*
fr *compétence*
ca *competència*

Capacidade demostrada dunha persoa para aplicar coñecementos e habilidades.

33 **compulsa electrónica** (s f)
*Seguridade*
es *compulsa electrónica*
en *electronic authentication; electronic certification*
ca *compulsa electrònica*

Procedemento de dixitalización de documentos que consiste en confrontar unha copia co seu orixinal por medios electrónicos para comprobar que son idénticos.

**comunicación de datos**
Vid.- cesión de datos

34 **comunicación previa** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *comunicación previa*
ca *comunicació prèvia*

Documento por medio do cal unha persoa interesada pon en coñecemento da Administración pública competente feitos ou elementos relativos ao exercicio dun dereito ou ao inicio dunha actividade.

35 **conexión segura** (s f)
*Seguridade*
es *conexión segura*
en *secure connection*
fr *connexion protégée*
ca *connexió segura*

Establecemento de contacto cun compoñente de hardware ou de software por medio duns protocolos que permiten garantir a súa seguridade.

**confidencialidade**
Vid.- privacidade

36 **conformidade** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *conformidad*
en *conformity*
fr *conformité*
ca *conformitat*

Calidade dun produto, un procedemento ou un servizo, que cumpre os requisitos especificados.

37 **consentimento da persoa interesada** (s m)
*Seguridade*
es *consentimiento del interesado*
en *consent of the individual concerned*
fr *consentement de l'intéressé*
ca *consentiment de la persona interessada*

Manifestación libre, inequívoca, específica e informada da vontade da persoa interesada, por medio da cal consente o tratamento de datos de carácter persoal que a concirnen.

**conversión analóxica-dixital** Vid.- dixitalización

38 **copia auténtica** (s f)
*Procedemento administrativo*
SIN.- copia autorizada (s f)
es *copia auténtica; copia autorizada; copia certificada*
en *authentic copy; certified copy*
fr *copie authentique; copie certifiée conforme*
ca *còpia autèntica; còpia autoritzada*

Reprodución dun documento público ou privado orixinal que emite un órgano competente despois de comprobar a súa autenticidade.

**copia autorizada** Vid.- copia auténtica

39 **copia electrónica** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *copia electrónica*
en *electronic copy*
fr *copie électronique*
ca *còpia electrònica*

Copia consistente nunha imaxe electrónica dun documento, electrónico ou non, feita por medios electrónicos.

**CSV** Vid.- código seguro de verificación

40 **custo administrativo** (s m)
*Procedemento administrativo*
es *coste administrativo*
en *administrative cost*
fr *coût administratif*
ca *cost administratiu*

Gasto que se xera nunha organización a consecuencia da obriga prevista nunha norma de subministrar información sobre o seu funcionamento ou actividade, á autoridade pública ou a terceiros, ou de ter dispoñible unha determinada información.

**DAFO** Vid.- análise DAFO

41 **dato de carácter persoal** (s m)
*Seguridade*
VAR.- dato persoal (s m)
es *dato de carácter personal*
en *personal datum*
fr *donnée à caractère personnel*
ca *dada de caràcter personal*

Toda información referente a unha persoa física identificada ou identificable.

42 **dato especialmente protexido** (s m)
*Seguridade*
es *dato especialmente protegido*
en *specially protected datum*
fr *donnée spécialement protégée*
ca *dada especialment protegida*

Dato de carácter persoal referente á ideoloxía, a afiliación sindical, a relixión, as crenzas, a orixe étnica, a saúde ou a vida sexual, ou tamén á comisión de infraccións penais ou administrativas.

**dato persoal** Vid.- dato de carácter persoal

43 **declaración responsable** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *declaración responsable*
en *statement of responsibility*
fr *énoncé de responsabilité*
ca *declaració responsable*

Documento en que unha persoa manifesta e subscribe que cumpre uns requisitos para acceder ao recoñecemento dun dereito ou dunha facultade ou para exercelos, que dispón da documentación acreditativa e que os continuará cumprindo durante o período inherente a este recoñecemento ou exercicio.

44 **dereito á protección dos datos persoais** (s m)
*Seguridade*
es *derecho a la protección de los datos personales*
en *right to the protection of personal data*
fr *droit à la protection des données à caractère personnel*
ca *dret a la protecció de les dades personals*

Dereito que toda persoa ten a controlar os seus datos de carácter persoal, o uso que se fai deles e o destino que teñen, co obxectivo de impedir o seu tráfico ilícito lesivo da súa dignidade e do seu dereito.

**dereito a ser informado**
Vid.- dereito de información

45 **dereito de acceso** (s m)
*Seguridade*
es *derecho de acceso*
en *access right; right of access*
fr *droit d'accès*
ca *dret d'accés*

Dereito que toda persoa ten a obter información sobre os datos de carácter persoal propios que están en poder dun terceiro, particularmente sobre a orixe, o tratamento e a finalidade destes datos e tamén sobre se foron ou van ser obxecto de cesión de datos.

46 **dereito de cancelación** (s m)
*Seguridade*
es *derecho de cancelación*
en *right of cancellation*
fr *droit de révocation*
ca *dret de cancel·lació*

Dereito que toda persoa ten a pedirlle gratuitamente ao responsable do ficheiro que os conteña, a supresión dos seus datos de carácter persoal, sempre que proceda e dentro dos límites establecidos pola lexislación.

47 **dereito de información** (s m)
*Seguridade*
VAR.- dereito a ser informado (s m)
es *derecho a ser informado; derecho de información*
en *right to be informed; right to information*
fr *droit à l'information; droit d'être informé*
ca *dret a la informació; dret a ser informat*

Dereito que toda persoa ten a coñecer en calquera momento a existencia e a finalidade do almacenamento de datos de carácter persoal seus.

48 **dereito de rectificación** (s m)
*Seguridade*
es *derecho de rectificación*
en *right of rectification*
fr *droit de rectification*
ca *dret de rectificació*

Dereito que toda persoa ten a rectificar e actualizar os seus datos de carácter persoal, sobre todo no caso de que sexan inadecuados, incompletos ou obsoletos.

49 **descifraxe** (s f)
*Seguridade*
SIN.- desencriptación (s f)
es *desciframiento; desencriptación*
en *decipherment; decryption*
fr *déchiffrement; décryptage*
ca *desencriptació; desxifratge*

Interpretación dun texto codificado.

**desencriptación**
Vid.- descifraxe

50 **dirección estratéxica** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *dirección estratégica*
en *strategic management*
fr *direction stratégique*
ca *direcció estratègica*

Método de dirección dunha organización en que se fixan uns obxectivos a longo prazo co fin de que esta acade un posicionamento vantaxoso no contorno en que desenvolve a súa actividade.

51 **dirección por obxectivos** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *dirección por objetivos*
en *management by objectives*
fr *direction par objectifs*
ca *direcció per objectius*

Método de dirección dunha organización en que os obxectivos, normalmente cuantificables, se lle asignan aos responsables dos diferentes programas, que dispoñen do poder e dos medios para levalos a cabo.

52 **disociación de datos** (s f)
*Seguridade*
SIN.- enmascaramento (s m)
es *disociación de datos*
en *redaction*
fr *masquage*
ca *emmascarament*

Proceso consistente en ocultar ou suprimir datos dun documento coa finalidade de garantir a privacidade ou a confidencialidade destes datos.

53 **dixital** (a)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
es *digital*
en *digital*
fr *numérique*
ca *digital*

Dito dun sistema de transmisión ou de procesamento, que representa, almacena e transmite información de calquera natureza en variables discretas, sobre todo de tipo binario.

54 **dixitalización** (s f)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
SIN.- conversión analóxica-dixital (s f)
es *conversión analógica-digital; digitalización*
en *analog-to-digital conversion; digitization; digitizing*
fr *conversion analogique-numérique; numérisation*
ca *conversió analògica-digital; digitalització*

Conversión dunha representación analóxica nunha representación dixital.

55 **dixitalización certificada** (s f)
*Seguridade*
SIN.- dixitalización segura (s f)
es *digitalización segura*
en *certified digitization*
ca *digitalització segura*

Dixitalización que se leva a cabo coas garantías de integridade e autenticidade requiridas legalmente, sen posibilidade de intervención humana entre a captura dos datos e a aplicación do selo electrónico.

**dixitalización segura**
Vid.- dixitalización certificada

**DMS** Vid.- sistema de xestión documental

**DNI electrónico**
Vid.- documento nacional de identidade electrónico

56 **documento administrativo electrónico** (s m)
*Procedemento administrativo*
es *documento administrativo electrónico*
en *electronic administrative document*
fr *document administratif électronique*
ca *document administratiu electrònic*

Documento electrónico emitido por unha Administración pública no desenvolvemento das súas funcións, que incorpora unha ou máis sinaturas electrónicas e unha marca de tempo, se a natureza do documento o require.

57 **documento electrónico** (s m)
*Conceptos xerais*
es *documento electrónico*
en *e-document; electronic document*
fr *document électronique; document numérique*
ca *document electrònic*

Conxunto de información que se pode tratar como unha unidade e que foi creado ou pode manipularse con medios electrónicos.

58 **documento nacional de identidade electrónico** (s m)
*Seguridade*
VAR.- DNI electrónico (s m)
es *DNI electrónico; documento nacional de identidad electrónico*
en *electronic ID*
ca *DNI electrònic; document nacional d'identitat electrònic*

Documento electrónico que acredita física e electronicamente a identidade persoal do seu titular, no cal constan unha fotografía, a sinatura e os datos persoais determinados regulamentariamente, e que permite a sinatura electrónica de documentos.

59 **eficacia** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *eficacia*
en *effectiveness*
fr *efficacité*
ca *eficàcia*

Grao en que se levan a cabo as actividades planificadas e se acadan os resultados previstos como consecuencia dunha xestión adecuada.

60 **eficiencia** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *eficiencia*
en *efficiency*
fr *efficience*
ca *eficiència*

Grao en que se acada unha relación óptima entre os recursos empregados na xestión dunha organización e os resultados acadados.

61 **encargado -da do tratamento** (s)
*Seguridade*
es *encargado del tratamiento*
en *data processor*
fr *préposé au traitement des données*
ca *encarregat del tractament | encarregada del tractament*

Persoa ou organización que xestiona, exclusivamente ou canda outros, un ficheiro de datos de carácter persoal por conta do responsable do ficheiro.

**encriptación** Vid.- cifraxe

**enmascaramento**
Vid.- disociación de datos

62 **entidade avaliadora** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *entidad de evaluación*
en *assessment entity*
fr *autorité d'évaluation*
ca *entitat avaluadora*

Entidade pública ou privada que se encarga de emitir informes técnicos sobre os prestadores de servizos de certificación que solicitaran a acreditación ou sobre os produtos para os que se demandou certificación.

63 **entidade certificadora** (s f)
*Seguridade*
VAR.- entidade de certificación (s f)
es *entidad certificadora; entidad de certificación; entidad emisora de certificados*
en *certificate authority*
fr *autorité de certification; tiers de certification*
ca *entitat certificadora; entitat de certificació; entitat emissora de certificats*

Entidade publica ou privada que se encarga de emitir e xestionar certificados, credenciais de seguridade e claves públicas, e responder da validez desta información.

**entidade de certificación**
Vid.- entidade certificadora

64 **equipo de mellora** (s m)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *equipo de mejora*
en *improvement team*
fr *équipe d'amélioration*
ca *equip de millora*

Equipo de persoas de diferentes departamentos e niveis xerárquicos dunha organización, que traballa para resolver un problema ou mellorar un proceso que afecta diversos departamentos.

65 **excelencia na xestión** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *excelencia en la gestión*
en *excellence in management; management excellence; managerial excellence*
fr *excellence en gestion*
ca *excel·lència en la gestió*

Grao extraordinario de éxito acadado por unha organización ou por unha persoa nun ámbito determinado, sobre todo na xestión da organización e a consecución de resultados.

66 **expediente administrativo** (s m)
*Procedemento administrativo*
es *expediente administrativo*
en *administrative record*
fr *dossier administratif*
ca *expedient administratiu*

Conxunto de documentos indexados, numerados e ordenados cronoloxicamente correspondentes a un procedemento administrativo.

67 **expediente electrónico** (s m)
*Procedemento administrativo*
es *expediente electrónico*
en *e-dossier; electronic dossier*
ca *expedient electrònic*

Expediente administrativo que consiste nun conxunto de documentos electrónicos, sexa cal for o tipo de información que conteñan.

68 **externalización** (s f)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *externalización*
en *outsourcing*
fr *externalisation*
ca *externalització*

Contratación de servizos externos ou alleos a unha Administración pública para realizar tarefas propias dos servizos públicos que esa Administración está obrigada a prestar ou que son necesarios para que un servizo público funcione correctamente.

69 **factura electrónica** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *factura electrónica*
en *e-bill; electronic bill*
fr *note électronique*
ca *factura electrònica*

Factura emitida e tramitada por medio dunha rede de telecomunicacións, xeralmente internet.

70 **familia de procesos** (s f)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *familia de procesos*
en *process family*
ca *família de processos*

Conxunto de procedementos administrativos agrupados segundo criterios que teñen en conta os esquemas de tramitación, a documentación de entrada e saída ou a información contida, sen ter en conta os criterios de semellanza en canto ao obxecto dos procedementos ou ao órgano competente.

71 **fenda dixital** (s f)
*Conceptos xerais*
es *brecha digital; fractura digital*
en *digital ditch; digital divide*
fr *fossé numérique; fracture numérique*
ca *bretxa digital; fractura digital*

Diferenza existente entre grupos de poboación ou entre países que separa a quen ten acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación e a quen non o ten.

72 **ficha de proceso** (s f)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *ficha de proceso*
en *process sheet*
fr *fiche de processus*
ca *fitxa de procés*

Documento que achega a información dun proceso que sexa significativa para o control das actividades e a xestión deste.

**firma electrónica**
Vid.- sinatura electrónica

**firma electrónica avanzada**
Vid.- sinatura electrónica avanzada

**firma electrónica recoñecida**
Vid.- sinatura electrónica recoñecida

**firma envolvente**
Vid.- sinatura envolvente

**firma separada**
Vid.- sinatura separada

73 **fonte de tempo fiable** (s f)
*Seguridade*
VAR.- fonte fiable de data e hora (s f)
es *fuente de tiempo fiable*
en *trusted time source*
fr *source de signaux horaires sécurisée*
ca *font de temps fiable*

Sistema informático que informa da hora e a data reais, en tempo universal coordinado, utilizado para a emisión de selos de tempo criptográficos.

**fonte fiable de data e hora**
Vid.- fonte de tempo fiable

74 **formato de sinatura** (s m)
*Seguridade*
es *formato de firma*
en *signature format*
fr *format de signature*
ca *format de signatura*

Formato utilizado para xerar e almacenar unha sinatura electrónica ou para estruturar a súa información.

75 **formulario electrónico** (s m)
*Tramitación electrónica*
es *formulario electrónico*
en *e-form; electronic form*
fr *formulaire électronique*
ca *formulari electrònic*

Formulario automatizado, que se cobre en pantalla, cuxa información é obxecto de tratamento informático, sobre todo por un servidor integrado nunha rede.

76 **frontal** (s m)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
SIN.- *front-end* (s m)
es *frontal*
en *front end*
fr *frontal*
ca *frontal*

Compoñente de software que actúa de interface entre o usuario e o sistema e facilita a súa comunicación.

***front-end*** Vid.- frontal

77 **función *hash*** (s f)
*Seguridade*
SIN.- función resumo (s f)
es *función hash*
en *hash function; hashing function*
fr *fonction de condensation; fonction de hachage*
ca *funció hash; funció resum*

Función matemática utilizada con finalidades de seguridade e verificación que se aplica a un bloque de datos para obter outro de lonxitude fixa, normalmente máis pequena, que representa o primeiro.

**función resumo** Vid.- función *hash*

78 **indicador** (s m)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *indicador*
en *indicator*
fr *indicateur*
ca *indicador*

Variable, xeralmente cuantitativa, que proporciona información significativa sobre o estado e a evolución dunha organización e o seu contorno, e que axuda na toma de decisións.

79 **índice electrónico** (s m)
*Conceptos xerais*
es *índice electrónico*
ca *índex electrònic*

Relación de documentos administrativos electrónicos existentes nun expediente electrónico, que se utiliza para garantir a integridade do expediente e permitir a súa recuperación cando sexa necesaria.

**instancia** Vid.- solicitude

80 **integridade** (s f)
*Seguridade*
es *integridad*
en *integrity*
fr *intégrité*
ca *integritat*

Propiedade dunha información que asegura que, durante o seu tratamento, almacenamento e transmisión por medios electrónicos, non sufrirá ningunha alteración nin destrución voluntaria ou accidental.

**interesado -da** Vid.- persoa interesada

81 **interoperabilidade** (s f)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
VAR.- interoperatividade (s f)
es *interoperabilidad*
en *interoperability*
fr *interopérabilité*
ca *interoperativitat*

Capacidade que teñen as administracións públicas para compartiren e reutilizaren a información de que dispoñen nos seus sistemas e nos procedementos aos que lles dan soporte, para acadaren uns obxectivos comúns e posibilitaren o intercambio de información e coñecementos entre estes sistemas.

**interoperatividade**
Vid.- interoperabilidade

82 **inventario de procesos** (s m)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *inventario de procesos*
en *process inventory*
fr *inventaire des processus*
ca *inventari de processos*

Enumeración descritiva e ordenada de todos os procesos, propios e transversais, dunha unidade administrativa, que ten o obxectivo de permitir facer unha xestión correcta desta, por medio da racionalización e a normalización dos procesos que nela teñen lugar.

83 **licitación electrónica** (s f)
*Tramitación electrónica*
es *licitación electrónica*
en *electronic tendering; e-tendering*
fr *soumission électronique*
ca *licitació electrònica*

Servizo de licitación por medio dun sitio web, que pon en contacto compradores e provedores, de maneira que os compradores conseguen o mellor servizo a un prezo óptimo e os provedores expanden o seu mercado.

84 **mapa de procesos** (s m)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *mapa de procesos*
en *process mapping*
fr *cartographie des processus; schématisation du processus*
ca *mapa de processos*

Representación gráfica ordenada dos procesos incluídos no inventario de procesos dunha organización, na cal todos estes procesos aparecen interrelacionados e clasificados segundo a súa natureza ou finalidade con vistas á estratexia de negocio.

85 **marca de tempo** (s f)
*Seguridade*
es *marca de tiempo*
en *time stamp; timestamp*
fr *estampille temporelle*
ca *marca de temps*

Referencia temporal dun documento administrativo electrónico que inclúe a data e normalmente a hora de calquera operación feita.

86 **matriz DAFO** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *matriz DAFO; matriz FODA*
en *SWOT matrix; TOWS matrix*
fr *matrice AFOM; matrice FFPM*
ca *matriu DAFO*

Matriz en que se entrecruzan as valoracións das fortalezas e debilidades dunha organización coas valoracións das oportunidades e ameazas que pode presentar o contorno, que se emprega como ferramenta para axudar na escolla das estratexias e as tarefas máis adecuadas para acadar a misión.

87 **mellora continua** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *mejora continua*
en *continual improvement*
fr *amélioration continue*
ca *millora contínua*

Actividade recorrente encamiñada a aumentar progresivamente a capacidade de cumprir as necesidades dunha organización.

88 **mellores prácticas** (s f pl)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *mejores prácticas; prácticas óptimas*
en *best practices*
fr *meilleures pratiques; pratiques d'excellence*
ca *millors pràctiques*

Conxunto de actuacións eficaces consideradas exemplares que, dentro dunha organización, permite realizar os cambios necesarios, obter os resultados esperados e acadar unha mellora colectiva constante.

89 **meta** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *meta*
en *goal*
fr *but*
ca *meta; objectiu general*

Cada unha das finalidades xenéricas que se marca unha organización coa intención de acadar a súa misión.

90 **método de custos estándar** (s m)
*Análise, mellora e simplificación de procesos*
es *método de costes estándar*
en *standard cost model*
fr *méthode des coûts standards*
ca *mètode de costos estàndard*

Método de contabilidade baseado no uso de custos de produción establecidos a partir dunhas condicións específicas predeterminadas de traballo e de tempo, que se emprega para planificar e orzamentar e tamén para calcular os custos administrativos.

91 **misión** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *misión*
en *mission*
fr *mission*
ca *missió*

Finalidade de carácter global pretendida por unha organización, que representa a súa razón de ser e os valores fundamentais en que se sustenta

92 **neutralidade tecnolóxica** (s f)
*Conceptos xerais*
es *neutralidad tecnológica*
en *technological neutrality*
fr *neutralité technologique*
ca *neutralitat tecnològica*

Calidade dun servizo administrativo electrónico ou dun trámite administrativo electrónico que respecta a liberdade das persoas, as organizacións e as administracións públicas para escoller con independencia entre as diversas alternativas tecnolóxicas.

93 **non-repudio** (s m)
*Seguridade*
SIN.- non-rexeitamento (s m)
es *irrefutabilidad*
en *non-repudiation*
fr *non-répudiation*
ca *irrefutabilitat*

Garantía que implica que as partes que levan a cabo operacións de comercio electrónico non poden rexeitar os compromisos adquiridos por vía electrónica.

**non-rexeitamento**
Vid.- non-repudio

94 **notificación** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *notificación*
en *notification*
fr *notification*
ca *notificació*

Actividade administrativa por medio da que unha Administración pública lle comunica á persoa interesada ou aos seus representantes legais unha resolución administrativa ou un acto administrativo.

95 **obxectivo estratéxico** (s m)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *objetivo estratégico*
en *strategic objective*
fr *objectif stratégique*
ca *objectiu estratègic*

Cada unha das finalidades que se marca unha organización de acordo coa súa orientación global, coa intención de acadar a súa misión.

96 **obxectivo operativo** (s m)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *objetivo operativo*
en *operational goal; operational objective*
fr *objectif opérationnel*
ca *objectiu específic; objectiu operatiu*

Cada unha das finalidades concretas, precisas e cuantificables que se marca unha organización para un período de tempo predeterminado coa intención de acadar unha meta.

**oficina en liña** Vid.- oficina virtual

97 **oficina virtual** (s f)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
SIN.- oficina en liña (s f)
es *ciberoficina; oficina virtual*
en *virtual office*
fr *bureau virtuel*
ca *oficina virtual*

Contorno informático que lle permite a un grupo de persoas, normalmente afastadas unhas das outras, traballar conxuntamente por medio de tecnoloxías da información e da comunicación.

98 **pasarela de pagamento** (s f)
*Seguridade*
es *pasarela de pago*
en *payment gateway*
fr *passerelle de paiement*
ca *passarel·la de pagament*

Servizo financeiro que, por medio da interconexión entre as páxinas web das Administracións e as entidades financeiras, procesa de maneira segura as transaccións electrónicas feitas con cartóns de crédito.

99 **persoa física** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *persona física*
en *natural person*
fr *personne physique*
ca *persona física*

Persoa susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigas.

100 **persoa interesada** (s f)
*Procedemento administrativo*
VAR.- interesado -da (s)
es *interesado; persona interesada*
en *concerned individual; interested person*
fr *intéressé; personne intéressée*
ca *interessat | interessada; persona interessada*

Persoa que promove un procedemento administrativo como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos ou que, sen inicialo, ten dereitos que poden resultar afectados pola decisión que se adopte ou ten intereses lexítimos que poden resultar afectados por unha resolución sempre que, neste caso, compareza durante o procedemento e non se ditase aínda a resolución definitiva.

101 **persoa xurídica** (s f)
*Procedemento administrativo*
es *persona jurídica*
en *body corporate*
fr *personne morale*
ca *persona jurídica*

Conxunto de persoas ou de bens recoñecido como suxeito de dereito con personalidade independente dos seus asociados, ou dos seus favorecidos, que se organiza para a consecución dun fin permanente.

102 **plan de mellora** (s m)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *plan de mejora*
en *improvement plan*
fr *plan d'amélioration*
ca *pla de millora*

Conxunto orgánico de medidas de cambio dirixidas a mellorar o funcionamento e o rendemento dunha organización.

103 **planificación estratéxica** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *planificación estratégica*
en *strategic planning*
fr *planification stratégique*
ca *planificació estratègica*

Planificación consistente en establecer os obxectivos dunha organización, as políticas e as actuacións previstas para acadalos nun prazo determinado, e os sistemas e instrumentos de control correspondentes.

104 **planificación operativa** (s f)
*Calidade e planificación estratéxica*
es *planificación operativa*
en *operational planning*
fr *planification des opérations; planification opérationnelle*
ca *planificació operativa*

Proceso que concreta a planificación estratéxica en programas de acción por períodos xeralmente anuais.

105 **plataforma** (s f)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
es *plataforma*
en *platform*
fr *plate-forme*
ca *plataforma*

Estrutura de hardware e de software dun sistema de telecomunicacións.

106 **política de privacidade** (s f)
*Seguridade*
es *política de privacidad*
en *privacy policy*
fr *politique de confidentialité*
ca *política de privacitat*

Declaración pública e formalmente documentada en que unha organización ou Administración pública dá a coñecer os principios e os criterios básicos que determinan a forma de obter e tratar datos de carácter persoal dos seus usuarios.

107 **portal** (s m)
*Infraestruturas tecnolóxicas*
es *portal*
en *portal*
fr *portail*
ca *portal*

Sitio web que ofrece acceso a un conxunto de recursos e servizos vinculados a unha temática determinada.

108 **portelo único** (s m)
*Tramitación electrónica*
es *ventanilla única*
en *one-stop*
fr *guichet unique*
ca *finestreta única*

Sitio web que integra a xestión de trámites e de pagamentos en liña na Administración pública.

109 **prestador -ra de servizos de certificación** (s)
*Seguridade*
es *prestador de servicios de certificación*
en *certificate service provider; certification service provider; electronic certification provider*
fr *autorité de certification*
ca *prestador de serveis de certificació | prestadora de serveis de certificació*

Persoa física ou xurídica que expide certificados electrónicos ou presta outros servizos en relación coa sinatura electrónica.

110 **principio de simplificación e racionalidade administrativa** (s m)
*Procedemento administrativo*
es *principio de simplificación y racionalización administrativa*
ca *principi de simplificació i racionalitat administrativa*

Principio polo que a actuación administrativa debe tender a ser menos complexa, máis áxil e máis baseada na razón, sen que iso comporte unha diminución das garantías da cidadanía.

111 **principio de transparencia administrativa** (s m)

*Procedemento administrativo*

es *principio de transparencia administrativa*

en *principle of open government*

fr *principe de la transparence administrative*

ca *principi de transparència administrativa*

Principio polo que as actuacións administrativas deben ser accesibles en calquera momento para as persoas interesadas nun procedemento administrativo e, unha vez finalizado este, para o resto de cidadáns se estes cumpren os requisitos establecidos para o exercicio do dereito de acceso a arquivos e rexistros.

112 **privacidade** (s f)

*Seguridade*

SIN.- confidencialidade (s f)

es *confidencialidad; privacidad*

en *confidentiality; privacy*

fr *confidentialité*

ca *confidencialitat; privacitat; privadesa*

Condición da información que fai referencia ou pertence a unha persoa física ou xurídica, segundo a cal esta información non pode facerse pública sen o consentimento da persoa afectada.

113 **procedemento administrativo** (s m)

*Conceptos xerais*

